



Ruta árbores con historia

As árbores senlleiras polas súas características extraordinarias ou sublimas (tamaño, idade, significación histórica ou cultural, rareza, beleza, etc.) son consideradas reliquias botánicas obxecto de respecto veciñal e con valor científico, cultural, didáctico, paisaxístico ou ornamental.

Estes exemplares singulares representan un valioso legado e un valor natural na medida en que se trata de elementos que subsistiron aos rigores dos tempos ou que contan cunhas particularidades especiais.

Galicia non só se constitúe como un punto de encontro de camiños, senón tamén dos mundos das flores eurosiberiano e mediterráneo, o que explica a presenza no seu territorio de bosques naturais de distintos tipos, o que dá lugar a unha variada e rica biodiversidade vexetal e forestal.

A Ruta árbores con historia é unha iniciativa da Xunta de Galicia para poñer en valor as árbores e formacións senlleiras incluídas no catálogo Galego de Árbores Senlleiras, regulado polo Decreto 67/2007, do 22 de marzo. Catálogo do que forman parte numerosas especies que se atopan no noso concello, máis concretamente no Pazo de Santa Cruz de Ribadulla, considerado o pazo máis importante de Galicia a nivel botánico, e que forma parte da Ruta da camelia.

Deste xeito, por medio da creación de rutas entre os diversos elementos senlleiros e, en consonancia cos recursos culturais e sociais que se atopan na súa contorna e que incrementan o seu valor lúdico e histórico, establécese un diálogo a modo de correlación espacial que serve como fío condutor para a promoción dun ocio responsable.

Esta posta en valor e uso turístico destes recursos naturais, mediante o deseño de estratexias de promoción e divulgación en sintonía coa preservación do medio, permite construír escenarios de emocións, tempo e tradicións onde a protagonista sexa a árbore senlleira que os relaciona.

Pódese consultar e descargar ampla información sobre a ruta en:

http://www.cmati.xunta.es/c/document_library/get_file?folderId=163779&name=DLFE-31327.pdf

<http://www.pazoderivadulla.com/>

Recentemente, unha oliveira do Pazo de Ortigueira de Santa Cruz de Ribadulla, gañou o Premio AEMO 2015 ao Mellor Olivo Monumental de España. Premio concedido a un exemplar integrado neste maxestoso conxunto de oliveiras cuxo arboredo debuxa unha singular retícula de árbores centenarias que vexetan desde o século XVI e que forman parte das árbores senlleiras de Galicia.

Esta árbore premiada e o seu conxunto, coñecido como Paseo das oliveiras, son uns dos elementos máis admirados do Pazo de Ortigueira ou tamén denominado de Santa Cruz de Ribadulla, declarado Ben de Interese Cultural.

http://www.turgalicia.es/camelias-de-celofan-pazo-de-santa-cruz-de-ribadulla?langId=gl_ES

Este paseo das oliveiras serviu de escenario para a gravación do videoclip 'Un Zombie a la Intemperie' de Alejandro Sanz.

<https://www.youtube.com/watch?v=x0n3JKL7Qkc>